TURISMO MARIÑEIRO

GUÍA DE RECURSOS

zona 6
Ría de Pontevedra
grupos de acción
costeira 2007-2013

Bueu Marín Poio Sanxenxo

Edición: Grupo de Acción Costeira Ría de Pontevedra-GAC6

Coordinación: Laura Nieto Zas

Contidos, deseño gráfico e maquetación: Ardora Formación y Servicios, S. Coop. Galega

Fotografías:

Páxina 6: Roberto Quintero
Páxina 7: Asociación Os Galos de Bueu
Páxina 9: Grupo de Acción Costeira Ría de Pontevedra-GAC6
Páxinas 14 e 41: Diario de Pontevedra
Páxina 15 e 16: Gustavo Cochón
Páxina 17: Concello de Bueu
Páxina 19, 24 e 25: Concello de Marín
Páxina 21: Grupo Ronsel
Páxina 22: Autoridade Portuaria de Marín e Ría de Pontevedra
Páxina 23: Centro Tecnológico del Mar-Fundación CETMAR
Páxina 29: Club Mariño A Reiboa
Páxina 31: Concello de Poio
Páxina 37: Asociación Amigos da Dorna de Portonovo
Páxina 38 (dereita): Turismo de Sanxenxo, SL
Portada e demais imaxes: Ardora Formación y Servicios, S. Coop. Galega

Edición: Decembro 2014

ÍNDICE

5 Prólogo

6 Recursos do Concello de Bueu

7 Museo Massó

8 Asociación de Amigos das Embarcacións Tradicionais Os Galos

9 Estaleiro de Purro

10 Confraría de Pescadores San Martiño e Lonxa de Bueu

11 Praza de abastos de Bueu

12 Casas mariñeiras en Beluso

13 Salga da Roiba

14 Salga da Mourisca

15 Aula da Natureza de Cabo Udra

16 Centro de visitantes da Illa de Ons

17 Faro de Ons

18 Senda litoral de Bueu

19 Recursos do Concello de Marín

20 Praza de abastos de Marín

21 Asociación Cultural e Deportiva Tenlo

22 Grupo Cultural Ronsel

23 Porto Pesqueiro e Lonxa de Marín

24 Centro de formación A Aixola

25 Recursos do Concello de Poio

26 Asociación Mulleres do Mar de Poio

27 Lonxa de Campelo

28 Club Mariño A Reiboa

29 Vila mariñeira de Combarro-Conxunto Histórico Artístico

30 Casa Museo de Cristóbal Colón

31 Recursos do Concello de Sanxenxo

32 Confraría de Pescadores San Roque e Lonxa de Portonovo

33 Redeiras de Portonovo

34 Praza de abastos de Portonovo

35 Praza de abastos de Sanxenxo

36 Asociación Amigos da Dorna de Portonovo

37 Miradoiro da Peixeira

38 Casa Mariñeira de Don Fernando

39 Travesías marítimas pola Ría de Pontevedra

45 Clubs Náuticos

45 Visitas guiadas polo casco histórico de Combarro

46 Oficinas de turismo e centros de información

PRÓLOGO

O Grupo de Acción Costeira Ría de Pontevedra-GAC6 quere darche a benvida para que descubras un mar de experiencias coas que gozar da túa visita aos concellos de Sanxenxo, Poio, Marín e Bueu. Nesta guía atoparás a oferta de actividades turísticas relacionadas coa cultura do mar destes catro concellos, coas que poderás:

- Navegar nunha embarcación a vela tradicional, como facían os mariñeiros de antes.
- Gozar dunha travesía marítima na que avistar aves mariñas ou coñecer as instalacións de cría de mexillóns e ostras.
- Pasar unha xornada coas mariscadoras e vivir en directo como traballan.
- Coñecer as redes e aparellos de pesca cos que se capturan os peixes e mariscos da nosa ría.
- Asistir en directo a unha poxa de peixes e mariscos ou comprar produtos do mar nos mercados de abastos, verdadeiros centros da vida local.
- Coñecer o oficio dos fareiros, verdadeiros vixías do mar.
- Achegarte á cultura ligada á antiga caza de baleas e a súa industria.
- Asistir aos principais eventos locais relacionados coa celebración da cultura e tradición mariñeira.
- Practicar sendeirismo por rutas litorais que discorren por puntos estratéxicos ligados historicamente á vida mariñeira.
- Coñecer os antigos sistemas de navegación, pesca e comercio marítimo, a través de instrumentos, cartografías, maquetas e todo tipo de obxectos históricos.

Boa Travesía!!!

José Antonio Gómez Castro
Presidente do GAC-6

RECURSOS DO CONCELLO DE BUEU

MUSEO MASSÓ

O Museo Massó ten a súa sede na antiga fábrica de conservas Massó Hermanos e nel convive o patrimonio marítimo e industrial co espírito erudito do coleccionismo doutra época.

A exposición permanente ofrece un percorrido pola conquista do mar e a explotación dos seus recursos, centrada na navegación e na actividade industrial da familia Massó. Unha das salas conserva a museografía orixinal dos anos 30 do século XX, e nela destaca a sección de libros imprimidos entre os séculos XV e XIX, instrumentos náuticos, cartografía, documentos e maquetas de embarcacións históricas.

Conta cunha sección dedicada á factoría de salgadura e ao taller de ánforas do depósito romano de Pescadoira, do que se conservan estruturas arquitectónicas e instrumentos con mango de óso. Alberga tamén outras xoias do patrimonio industrial, como unha prensa para a extracción da graxa das sardiñas do século XIX, unha antiga troqueladora de latas ou un caixón de medida para a descarga do peixe. Tamén conta cunha mostra das embarcacións tradicionais mais representativas da Ría de Pontevedra, destacando o grande pecio da última lancha xeiteira. A entrada é gratuíta.

Sala da exposición permanente do Museo Massó dedicada a industria conserveira.

Avda. Montero Ríos s/n, 36930 Bueu (Pontevedra)
Coordenadas GPS: 42.327085,-8.785082
Tlf./fax: +34 986 321 838 // Correo-e: museo.masso@xunta.es
Web: http://museomasso.blogspot.com.es

Horario

Luns: pechado
Martes a venres: 10 a 20 h
Sábados: 10 a 14 h e 16 a 20 h
Domingos e festivos: 10 a 14 h

Do 1 ao 30 de novembro, aberto so para visitas concertadas.
Pechado: 1 e 6 de xaneiro, 1 de maio, 24, 25, e 31 de decembro.

ASOCIACIÓNS DE AMIGOS DAS EMBARCACIÓNS TRADICIONAIS OS GALOS

A asociación de Amigos das Embarcacións Tradicionais "Os Galos", fundada en Bueu no ano 2000, ten por obxectivo promover, difundir e valorar o patrimonio marítimo e cultural, así como conservar e recuperar as embarcacións tradicionais da zona.

A asociación conta con embarcacións recuperadas para a navegación, entre as que podemos destacar un bote polbeiro, embarcación típica e exclusiva do pobo de Bueu. Ademais, tamén conservan un xeiteiro, unha traíña e varias dornas.

Estas embarcacións poden admirarse no peirao de Bueu e nos encontros de embarcacións tradicionais que se organizan cada verán en distintas localidades de Galicia. A propia asociación Os Galos organiza anualmente un encontro en Bueu, no mes de agosto, con distintas actividades relacionadas coa cultura e tradición mariñeiras. Tamén levan a cabo cursos nos que calquera persoa sen coñecementos pode iniciarse na navegación tradicional.

Para saír a navegar coa asociación, pode poñerse en contacto directamente coa organización.

Travesía na traíña Pescadoira.

Contacto

Tlf. + 34 622 61 44 02 // +34 610 79 07 67
Correo-e: galosbueu@yahoo.es
facebook
http://goo.gl/Bbl6Lx

ESTALEIRO DE PURRO

O Estaleiro de Purro, ubicado na zona de Banda do Río, é un dos escasos exemplos de carpintería de ribeira tradicional que se conservan en Galicia. Foi fundado en 1920 por José del Río Casal e tivo varios propietarios, entre eles Manuel González Ferradas, coñecido como *O Purro*, de quen colleu o nome.

A súa actividade centrábase na construción e reparación de embarcacións de pesca de baixura: botes polbeiros, lanchas xeiteiras, traíñas, gamelas e chalanas, principalmente. A partir dos anos oitenta tamén realizou servizos para a actividade bateeira, cesando a súa actividade a finais do 2002.

Cunha superficie de 450 m^2, o estaleiro está construído en madeira e orientado perpendicular á praia, para facilitar a entrada e saída das embarcacións. Conta con distintas dependencias nas que se realizaban as tarefas propias da carpintería de ribeira: unha zona descuberta para almacén e secado da madeira, unha parte cuberta para construción dos cascos das embarcacións, un espazo artellado arredor do banco e das ferramentas para traballar a madeira, un varadoiro e unha zona administrativa. Está incluído no Inventario Xeral do Patrimonio Cultural de Galicia.

Interior do Estaleiro de Purro.

Coordenadas GPS: 42.326646, -8.789798

O estaleiro está pendente de rehabilitación polo Concello de Bueu, cun proxecto aprobado que inclúe contidos sobre as carpinterías de ribeira, ou o paso da salga á conserva. Os itinerarios guiados polo litoral que organiza o concello inclúen a visita das instalacións desde o exterior (consultar na oficina de turismo, contacto na páxina 50).

CONFRARÍA DE PESCADORES SAN MARTIÑO E LONXA DE BUEU

A confraría de pescadores San Martiño agrupa a profesionais da pesca artesanal e do marisqueo de Bueu, unhas 250 persoas, das que a metade son armadores.

Defende e representa os intereses da pesca artesanal, comercializa as capturas e promove a cultura mariñeira. Xestiona a lonxa de Bueu, na que se venden diariamente os produtos do mar capturados pola flota artesanal de Bueu. Para asistir a unha poxa en directo na lonxa, pode contactar coa confraría. Os horarios son orientativos, varían segundo as mareas, polo que convén consultalos:

	Lonxa	Poxas	
Mañá	7:30 a 10:30 h	Peixe do cerco (1)	8:00
Tarde		Recursos específicos (2)	15:30
		Marisqueo (3)	15:30
		Polbo e centola (4)	17:00
	14:00 a 20:00 h	Peixe variado (5)	17:30

(1) Sardiña, xurel, xarda
(2) Percebe, ourizo, navalla
(3) Ameixa, ostra
(4) Consultar paro biolóxico
(5) Sargo, congro, faneca, etc.

A confraría ten dispoñible a Guía de Rutas por Bueu e Beluso, do seu Programa de Turismo Mariñeiro Marusía.

Lonxa de Bueu.

Avda. Montero Ríos s/n 36930 Bueu (Pontevedra)
Coordenadas GPS: 42.328286, -8.784207

Contacto

Tlf. +34 986 320 253 // Fax +34 986 320 679
Correo-e: info@cofradiabueu.org
Web: www.cofradiabueu.org
Horario da confraría: 9:00 a 13:00 h e de 16:00 a 19:30 h

PRAZA DE ABASTOS DE BUEU

A praza de abastos de Bueu está ubicada nun edificio orixinario de 1929, sometido a varias remodelacións, cunha configuración actual que data de 1999.

Entrar na praza de Bueu é un goce para os sentidos: podemos atopar unha ampla variedade dos peixes e mariscos máis frescos, como consecuencia da súa situación privilexiada: os barcos descargan a poucos metros, realízase a poxa na lonxa e nun tempo récord eses produtos están a disposición na praza para a venda ao público.

Os peixes e mariscos son o produto estrela da praza, tanto por variedade como por cantidade de postos de venda. Ademais, na praza atopamos verduras e froitas do país, pan artesán e empanadas, e carnes selectas.

Na planta superior pódese gozar dunhas magníficas vistas do porto e de campañas periódicas de degustacións de produtos.

É a unica praza de abastos con horario de mañá e tarde en toda Galicia.

Praza de abastos de Bueu.

Avda. Montero Rios nº 99, 36930 Bueu (Pontevedra)
Coordenadas GPS: 42.327181, -8.784508

facebook

http://goo.gl/pZoBOM

Horario

Luns a venres: 9 a 14.30 h e 17 a 21 h
Sábados: 9 a 14 horas

CASAS MARIÑEIRAS EN BELUSO

Trátase dun conxunto singular de casas mariñeiras de tipoloxía tradicional, situadas na parroquia de Beluso, que aínda conservan, en maior ou menor medida, parte da súa estrutura e fachadas orixinais. En xeral, eran vivendas humildes, de espazo reducido, nas que podemos atopar variacións:

1.- A casa terrea. É a vivenda dos mariñeiros máis pobres e humildes, cun único espazo sen dividir, con cociña, sala e uns pequenos cuartos, normalmente sen ventás. Nalgúns casos podía haber un espazo baixo cuberta, para as redes e aparellos, ou onde podía durmir algunha persoa.

2.- A casa do pincho. Engade ao modelo anterior un pequeno espazo baixo-cuberta usado como dormitorio.

Casas mariñeiras na parroquia de Beluso, Bueu (Pontevedra).

Coordenadas GPS: 42.3332079, -8.800816

3.- A casa con acceso interior a un piso superior. Na planta baixa estaría a cociña, almacén de redes e aparellos ou o cortello dos animais. Na planta superior, con acceso desde dentro, estarían os dormitorios, e incluso un faiado. Poden contar con galerías.

4.- A casa de patín. Tiña un acceso exterior con escaleiras que daba a un piso superior.

SALGA DA ROIBA

Bueu foi unha vila pioneira no desenvolvemento da industria da salga en Galicia, e chegou a ter máis de trinta factorías traballando a un tempo.

A salga da Roiba, ubicada en Beluso (Bueu) foi unha delas. Trátase dunha instalación que comezou a funcionar como industria de salga de sardiña e tratamento de abadexo, para transformarse posteriormente en cetaria e, a continuación, en industria frigorífica. De propiedade privada, actualmente a zona industrial está en desuso, pero mantén unha parte que se sigue usando como vivenda particular.

Salga da Roiba.

Coordenadas GPS: 42.335734, -8.799842

Exterior do edificio no que aínda se aprecia o nome da empresa. Salga da Roiba, Beluso , Bueu (Pontevedra).

SALGA DA MOURISCA

A salga da Mourisca, ubicada na extrema esquerda da praia do mesmo nome en Beluso (Bueu), é unha antiga factoría dedicada á conservación da sardiña e outros peixes mediante salgadura. Comezou a súa actividade a mediados do século XIX e estivo en funcionamento ata a década de 1940, en que caeu en desuso.

O edificio, de planta rectangular cun patio interior descuberto, conta con 22 pías cadradas de 1,8 x 1,8 m, e 2 m de profundidade, distribuídas en dúas ringleiras de 11 pías, nas que se levaba a cabo o proceso de curado do peixe con sal, que despois se prensaba.

Actualmente a instalación, de propiedade privada, está en proceso de recuperación, para unha futura musealización.

Pías da Salga da Mourisca.

Praia Mourisca, Bueu (Pontevedra).
Coordenadas GPS: 42.338227, -8.824496

Exterior do edificio. Salga da Mourisca.

AULA DA NATUREZA DE CABO UDRA

Localizada no espazo protexido de Cabo Udra, pertencente á Rede Natura 2000, a aula foi habilitada aproveitando unha antiga batería militar. O seu subministro eléctrico é proporcionado por enerxías renovables; un aeroxenerador e paneis térmicos e fotovoltaicos. Está galardoada coa Bandeira Azul que recoñece o seu labor a prol da educación ambiental en materia de ecosistemas litorais e desenvolvemento sostible.

Ademais de continuas actividades e exposicións temporais, acolle unha mostra permanente sobre os valores ecolóxicos e etnográficos do espazo natural de Cabo Udra, con especial protagonismo do medio mariño:

- Paneis divulgativos
- Xogos didácticos
- Representacións tridimensionais do medio mariño
- Artes e aparellos de pesca e marisqueo
- Vídeo divulgativo sobre os recursos mariños e terrestres

Poden solicitarse visitas escolares ou para grupos (30 persoas máximo) por correo electrónico ou por teléfono.

Representación tridimensional do fondo mariño.

Cabo Udra, antiga batería militar.
Coordenadas GPS: 42.339890, -8.834072

Contacto

Tlf. + 34 699 996 685
Correo-e: auladanatureza@concellodebueu.org
Consultar actualizacións en www.concellodebueu.org
Entrada gratuíta

CENTRO DE VISITANTES DA ILLA DE ONS

Trátase dun centro de interpretación da cultura e patrimonio da illa de Ons, no que se recolle a historia, crenzas, lendas e tradicións dos seus habitantes.

O centro, inaugurado no 2011, está ubicado na antiga escola do Curro que, á súa vez, foi construída nos terreos dun antigo secadoiro de polbo, actividade económica que experimentou un importante desenvolvemento na illa, constituíndo, xunto coa pesca, unha das principais fontes de ingresos dos seus poboadores.

A exposición mostra a vida da xente da illa tomando como modelo unha familia típica. Podemos atopar artes e aparellos de pesca, ritos e costumes, contos e lendas, festas populares, así como os valores naturais da illa –fauna, paisaxes, uso das plantas medicinais, etc.-

Centro de visitantes de Ons.

O Curro, s/n, Illa de Ons, Bueu (Pontevedra).
Coordenadas GPS: 42.376341, -8.932465

Aberto durante a tempada estival, consultar horarios.

Tempada de acceso a Ons en transporte regular: Semana Santa, fins de semana de maio e de xuño a setembro desde Sanxenxo, Portonovo e Bueu. Teléfonos de contacto nas páxinas 43 a 46.

FARO DA ILLA DE ONS

O faro de Ons sitúase no punto máis elevado da illa, a 22,5 m da punta norte. Comezou a funcionar o día 13 de abril de 1865, cunha lámpada de aceite de oliva de émbolo, que ao cabo dos anos foi substituída por unha lámpada de petróleo.

Posteriormente construíuse un novo faro sobre a base do primeiro, a fin de que a súa luz acadara un maior alcance. A nova torre, inaugurada en 1926, ten forma octogonal e está rematada por unha lanterna de 3,70 m de diámetro. O alumeado funcionou con lámpada de incandescencia de vapor de petróleo a presión ata 1990, en que a alimentación reconverteuse a enerxía fotovoltaica, sendo un dos últimos faros de petróleo a presión que funcionaron.

É posible concertar unha visita guiada ao interior do faro para grupos, solicitándoa cunha semana de antelación á Autoridade Portuaria de Marín. Normalmente a visita é guiada polo fareiro, o que constitúe toda unha experiencia.

Información: Autoridade Portuaria de Marín.
Tlf. + 34 986 85 52 00
Entrada gratuíta

Faro de Ons.

Coordenadas GPS: 42.382391, -8.936326

Acceso a Ons en transporte regular: Semana Santa, fins de semana de maio, e de xuño a setembro desde Sanxenxo, Portonovo e Bueu.

Teléfonos de contacto para transporte nas páxinas 41 a 45.

SENDA LITORAL DE BUEU

A senda litoral de Bueu é un roteiro de 5 quilómetros de lonxitude entre Pescadoira e a fábrica de salga de Mourisca.

A senda foi habilitada no ano 2013 polo concello de Bueu cunha axuda económica do Grupo de Acción Costeira Ría de Pontevedra-GAC6, e no seu percorrido podemos atopar paneis e balizas informativas sobre distintos aspectos da cultura e patrimonio marítimo pesqueiro da vila: a orixe romana do municipio, a lonxa e praza de abastos, a construción das embarcacións tradicionais, as bateas, a fauna e vexetación litorais ou a industria da salga.

Na web www.culturadebueu.org podemos atopar unha unidade didáctica sobre a senda, a súa xeorreferenciación en distintos formatos e un arquivo sonoro, fotográfico e audiovisual con contidos sobre a cultura e o patrimonio inmaterial mariñeiro de Bueu.

Ademais, existen folletos informativos a disposición do público na oficina de turismo de Bueu, editados en galego, castelán e inglés.

Mapa da senda litoral de Bueu.

Información e contacto

Oficina de turismo de Bueu
Rúa Eduardo Vicenti, 2, 36930 Bueu (Pontevedra)

Aberta os meses de xuño, xullo, agosto e setembro
De luns a venres de 10:30 a 14:30 e de 16 a 20 h
Sábados, domingos e festivos: de 10 a 21

Tlf.: +34 986 324 457 // Fax.:+34 986 324 339
Correo-e: turismo@concellodebueu.org
Web: www.concellodebueu.org
www.culturadebueu.org

RECURSOS DO CONCELLO DE MARÍN



PRAZA DE ABASTOS DE MARÍN

A praza de abastos de Marín localízase nun edificio de 1926 que, despois de varias remodelacións ata o seu aspecto actual, xunta historia, calidade e tradición dun pobo con gran actividade marítimo pesqueira.

Alberga unha gran cantidade e variedade de peixes e mariscos dos nosos mares debido á proximidade do porto pesqueiro e da lonxa, que fan que sexa un referente na venda de produto fresco no pobo de Marín.

Praza de abastos de Marín.

Os postos son atendidos por comerciantes e artesáns expertos en cada unha das especialidades. O peixe fresco e salgaduras sitúanse nas bancadas centrais da praza, mentres que nos laterais encontramos os produtos de carnicería, chacinería, produtos conxelados, pan artesán e empanadas e froitas e verduras de tempada.

Rúa Serafín Tubío, s/n , 36900 Marín (Pontevedra)
Coordenadas GPS: 42.392761, -8.704557

Horario

Luns a sábados 8 a 14.30 h

ASOCIACIÓN CULTURAL E DEPORTIVA TENLO

A Asociación de Pesca Deportiva Tenlo foi fundada en 1999, co obxectivo de defender os intereses dos pescadores deportivos de Marín e divulgar o valioso patrimonio marítimo pesqueiro da zona.

A asociación conta con diferentes embarcacións para a navegación coas que realiza saídas pola ría e actividades de pesca deportiva.

Organiza anualmente un curso de pesca deportiva, de outubro a maio, dirixido a rapaces e rapazas de 8 a 12 anos do concello de Marín, financiado pola escola de pesca municipal, ademais dun campamento de verán de 4 horas semanais, os martes e os xoves, de xuño a setembro. Tanto no curso como no campamento, os nenos e nenas coñecen a importancia socioeconómica do sector marítimo pesqueiro de Marín, as actividades que se desenvolven no porto, as redes e aparellos de pesca, os nudos, a riqueza paisaxística e ecolóxica da ría de Pontevedra, a actividade do cultivo de mexillón, ademais de aprender a pesca con cana, liña e ao curricán.

Para participar nas diferentes actividades, pode contactar directamente coa asociación.

Maqueta de barco pesqueiro da Asociación Cultural e Deportiva Tenlo.

Peirao de Marín. Parque azul s/n , 36900 Cantodarea Marín (Pontevedra)
Coordenadas GPS: 42.395636,-8.695085

Contacto

Tlf. +34 690 027 149
Correo-e: xoracaso@hotmail.com

GRUPO CULTURAL RONSEL

O Grupo Cultural Ronsel fundouse en 1993 no Seixo, Marín, co obxectivo de recuperar e manter as tradicións culturais, defender o medio ambiente e o patrimonio etnográfico, e poñer en valor as embarcacións tradicionais.

O Grupo conta con tres embarcacións para a navegación, unha dorna e dous botes de dúas proas e quilla plana coñecidos como choupáns. As embarcacións pódense admirar no peirao de Aguete, nos encontros de embarcacións tradicionais promovidos pola Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial e na xuntanza anual de embarcacións tradicionais de Marín que organiza o grupo no mes de setembro en colaboración co Ateneo Santa Cecilia e o Club Unesco de Marín no marco das xornadas O Mar de Marín.

A asociación organiza anualmente A Semana do Mar no mes de decembro, ademais de levar a cabo, en colaboración con diferentes entidades, actividades culturais como o entroido, os maios, o magosto e ciclomarchas.

Para participar nas diferentes actividades, pode contactar directamente co Grupo Cultural Ronsel.

Travesía pola ría na embarcación Capitana, do Grupo Ronsel.

Casa da Cultura de Seixo
Rúa Ángel Araújo Escribano, 8, 36913 Marín (Pontevedra)
Coordenadas GPS: 42.368653, -8.730856

Contacto

Tlf. +34 661 536 360
Correo-e: blogronsel@gmail.com
Web: http://www.blogronsel.blogspot.com

PORTO PESQUEIRO E LONXA DE MARÍN

O porto de Marín esténdese desde Punta Pesqueira ata Placeres, abarcando 800.000 m^2. A actividade portuaria constátase desde a antigüidade nos vestixios toponímicos de raíz grega e no miliario da época romana.

Na dársena podemos visitar a descarga de peixe, os departamentos de armadores e exportadores, a fábrica de xeo, a reparación de redes e aparellos de pesca, a confraría de pescadores ou a poxa de peixe na lonxa. A lonxa dispón dunha sala de exposición e venta climatizada na que se realiza a poxa do peixe de baixura, pesca litoral e Gran Sol, de luns a venres ás 05:30 horas e ás 06:30 horas.

Outras instalacións que podemos atopar son varadoiros e estaleiros, a terminal cuberta para a carga e descarga de mercancías, a rede interior de ferrocarril, o posto de inspección fronteirizo, a terminal de contedores ou a terminal de froita.

A Autoridades Portuaria ofrece a centros educativos e outros colectivos a posibilidade de realizar unha visita guiada para coñecer as súas instalacións e actividades, previa reserva.

Vista aérea das instalacións do porto de Marín.

Parque de Cantodarea s/n, Apt. 136. 36900 Marín (Pontevedra)
Coordenadas GPS: 42.395660, -8.695150

Contacto

Tlf. +34 986 85 200 // Fax: +34 986 840 193
Correo-e: mariag@apmarin.com
Web: www.apmarin.com

facebook

https://www.facebook.com/puertodemarin?ref=hl

CENTRO DE FORMACIÓN A AIXOLA

O centro de Formación A Aixola comeza a súa andaina en 1997 co obxectivo de mellorar a cualificación profesional das persoas procedentes do sector marítimo pesqueiro, con especial atención ao apoio á conservación, á recuperación e á difusión do patrimonio marítimo galego.

Xestionado desde o ano 2004 polo Centro Tecnológico del Mar–Fundación CETMAR, A Aixola imparte cursos relacionados co sector marítimo pesqueiro, a recuperación de embarcacións tradicionais e o emprego de novos materiais na construción naval. O centro conta cunha exposición na que se pode contemplar, entre outros, maquetas dun barco arrastreiro, de embarcacións tradicionais de diversos países e de equipos e aparellos antigos e actuais utilizados nas actividades marítimo pesqueiras, así como embarcacións tradicionais galegas. Ademais, conta con paneis explicativos dos procesos, técnicas e prototipos realizados nos talleres formativos.

A Aixola permite visitas técnicas e de centros educativos á exposición permanente situada no vestíbulo do centro e aos talleres formativos. Para obter información do programa formativo e a realización de visitas pode poñerse en contacto co centro.

Exposición permanente no Centro de Formación A Aixola.

Porto Pesqueiro, s/n -36900 Marín (Pontevedra)
Coordenadas GPS: 42.395625, -8.693857

Contacto

Tlf. +34 986 838 033
Correo-e: aixola@cetmar.org// Web: http://aixola.cetmar.org/

facebook

https://www.facebook.com/Aixola?fref=ts

DANZA DAS ESPADAS

A Danza das Espadas foi creada polo gremio de mareantes de Marín no ano 1936 para honrar ao seu patrón, o Arcanxo San Miguel. Inicialmente os seus integrantes eran mariñeiros escollidos entre os mellores do oficio, e pertencer as súas filas supoñía unha distinción que daba rango e prestixio á clase mariñeira.

Participan na danza 40 ou 50 persoas vestidas de branco con faixas á cintura, de cor vermella os homes, e de cor azul as mulleres. Báilase arredor da imaxe do santo ao son da gaita, portando unhas espadas de madeira e realizando diferentes figuras e movementos como a cruz e a estrela.

Declarada Festa de Interese Turístico de Galicia, celébrase cada ano en Marín o último domingo de setembro. Os actos do festexo comezan no salón de plenos coa imposición das medallas aos Cofrades de Honra e aos novos Cofrades Numerarios, e coa entrega das Espadas de Ouro e Prata aos danzantes con dez e vinte anos de antigüidade. A continuación, celébrase a misa solemne dedicada a San Miguel, a procesión, a Danza das Espadas e a queima das madamitas. Para rematar, ten lugar a comida de confraternidade dos cofrades, danzantes, autoridades e familiares.

Danza das Espadas en Marín

Información e contacto

Concello de Marín
Avenida Ourense s/n, 36900 Marín
Telf: 986 88 03 00 Fax: 986 88 20 13
www.concellodemarin.es

facebook
https://www.facebook.com/concellodemarin?fref=ts

SENDA LITORAL DE MARÍN

A senda litoral de Marín é un roteiro de 8,5 quilómetros de lonxitude que discorre pola franxa costeira do concello de Marín, percorrendo as praias de Portocelo, Mogor, Aguete, Loira e a praia de Santo.

A senda, de interese cultural, paisaxístico e arqueolóxico, foi habilitada polo concello, e no seu percorrido podemos atopar paneis indicadores e marcas de sinalización de cores azul-branca pintadas no chan, pedras e muros. Pódese transitar en calquera época do ano e conta cun carril específico para ciclistas. O percorrido é liñal, polo que convén calcular o traxecto de ida e volta.

O roteiro alterna tramos de estrada e camiños naturais cunha zona de interese arqueolóxico, os petroglifos de Mogor, declarados Monumentos Histórico Artístico.

Existen folletos informativos dispoñibles na oficina de turismo de Marín e na web do concello.

Información e contacto

Concello de Marín
Avenida Ourense s/n, 36900 Marín
Telf: 986 88 03 00 Fax: 986 88 20 13
www.concellodemarin.es

facebook

https://www.facebook.com/concellodemarin?fref=ts

Mapa da senda litoral.

RECURSOS DO CONCELLO DE POIO



ASOCIACIÓN MULLERES DO MAR DE POIO

A Asociación Mulleres do Mar de Poio é unha asociación cultural formada por mariscadoras, que teñen por obxectivo dar a coñecer o traballo das mulleres no sector pesqueiro e marisqueiro galego.

A asociación pretende amosar a actividade do marisqueo da mellor maneira posible: vivir a experiencia de ser mariscadora por un día.

Para isto organizan visitas nas que o público participante recibe unhas instrucións básicas para un correcto aproveitamento da actividade, así como un par de botas de auga para acceder á zona de traballo. Unha vez alí, as propias mariscadoras proporcionan información sobre o medio no que traballan, as especies que capturan, as artes de marisqueo, os días máximos de actividade, a regulación das zonas de marisqueo, etc., e convidan ás persoas participantes a facer unha proba para comprobar a dureza e dificultade da tarefa.

Posteriormente visitan o punto de control, onde se explican os procesos de cribado, pesa e selección dos distintos tipos de marisco.

Os días e horarios de visita varían en función das mareas, polo que é necesario poñerse en contacto previamente coa organización.

Asociación Mulleres do Mar de Poio

Contacto

Tlf. +34 622 844 080 // +34 646 506 529

Correo-e: mulleresmardepoio@gmail.com

LONXA DE CAMPELO

A Lonxa de Campelo está xestionada por unha agrupación de interese económico integrada polas confrarías de pescadores de Lourizán, Pontevedra e Raxó.

Comercializa moluscos bivalvos procedentes do marisqueo a pé e a flote das tres confrarías: ameixa fina, ameixa babosa, ameixa xaponesa, berberecho, navalla, ostra e cornicha.

É posible asistir en directo ás poxas do marisco, que se celebran unicamente os días que hai faena, dependendo das mareas. É recomendable contactar coa organización, a fin de confirmar dispoñibilidade, día e hora.

Visita á Lonxa de Campelo

Rúa Padre Avelino, 4-22. Peirao de Campelo, 36995 Poio (Pontevedra)
Coordenadas GPS: 42.426956, -8.686257

Contacto

Tlf. +34 986 771 437 // Fax +34 986 772 282

facebook

http://goo.gl/7V98fB

Horario de oficina: Luns a venres, de 10 a 14 h e de 17 a 20 h

CLUB MARIÑO A REIBOA

O Club Mariño A Reiboa nace no 2001 no concello de Poio, e ten como obxectivo a conservación do patrimonio marítimo, con especial atención aos barcos tradicionais.

Actualmente conta con tres embarcacións propias: O galeón *Luísa* e a buceta de Muros *Boureante*, ámbalas dúas cedidas pola Asociación de Veciños Boureante, e a dorna de tope *A Reiboa*. Estas embarcacións poden contemplarse no peirao de embarcacións tradicionais situado no peirao da Chousa, en Combarro -Poio-, xunto con outras embarcacións tradicionais de propiedade privada.

O club participa habitualmente nos encontros de embarcacións tradicionais que se celebran ao longo do ano en distintas localidades costeiras de Galicia, e organiza o Encontro de Embarcacións Tradicionais de Combarro, que se celebra cada mes de agosto. Outras ocasións para admirar estas embarcacións e participar en actividades relacionadas coa cultura mariñeira son o Día de Colón, que se celebra en Combarro a finais de xuño e a Feira Franca de Pontevedra, no primeiro fin de semana de setembro.

Para informarse e participar das actividades do club, pode poñerse en contacto directamente coa organización.

Dorna de tope A Reiboa, navegando pola Ría de Pontevedra.

Contacto

Tlf. +34 607 739 608

Correo-e: cmareiboa@gmail.com

http://reiboa.blogspot.com.es

facebook

https://www.facebook.com/AReiboa

VILA MARIÑEIRA DE COMBARRO

A vila de Combarro, declarada Conxunto Histórico-Artístico en 1972, constitúe un conxunto singular de arquitectura mariñeira tradicional, configurado en base á actividade económica principal que desenvolvían os seus habitantes: a pesca.

Tanto a orientación das vivendas como o seu deseño estaba adaptado á morfoloxía do terreo e ás necesidades da actividade pesqueira. A rúa principal discorre paralela á liña de costa, contra a que se poden observar as traseiras das casas e os seus hórreos, nos que se gardaba a colleita. Aínda que existen distintas tipoloxías de vivenda, as máis comúns constan de planta baixa e sobrado baixo cuberta ou planta baixa e superior. No baixo gardábanse os útiles de labranza e os aparellos de pesca, ou os animais. Destacan as construcións con balcóns, con corredores e as que presentan soportais, estas últimas normalmente contiguas. Nos cruzamentos entre as rúas principais e as transversais ábrense pequenas prazas, nas que destacan os cruceiros.

Pódese realizar unha visita guiada, ben a través das oficinas de turismo do Concello de Poio -ver contactos na páxina 50- ben a través dos servizos de guías oficiais .

Arquitectura mariñeira en Combarro, Poio (Pontevedra).

Coordenadas GPS: 42.431028, -8.705647

A empresa Guiados Pontevedra realiza este tipo de visitas durante todo o ano:

Guiados Pontevedra

Tlf.: + 34 663 668 834

Web: www.guiadospontevedra.com

Correo-e: info@guiadospontevedra.com

CASA MUSEO DE CRISTÓBAL COLÓN

En Porto Santo, na parroquia de San Salvador de Poio atopábanse as ruinas da Casa Natal de Cristóbal Colón ou Casa da Cruz, chamada así por estar situada fronte a un cruceiro que tiña na súa base a inscrición "Juan Colón, 1490".

A casa foi adquirida polo Concello de Poio e restaurada no 2010, convertíndose na "Casa Museo de Cristóbal Colón". Consta dun edificio acristalado de tres plantas anexo á casa orixinal dos Colón e ao cruceiro. No seu interior conta con maquetas, bibliografía e audiovisuais que xustifican a teoría da orixe galega de Colón, concretamente na localidade de Poio.

A Asociación *Cristóbal Colón Galego Celso García de la Riega* ten a súa sede neste edificio.

Casa Museo Cristóbal Colón
PORTOSANTO-CONCELLO DE POIO

Casa Museo de Cristóbal Colón.

Praza de Cristóbal Colón s/n, 36163 Poio (Pontevedra)
Coordenadas GPS: 42.430593, -8.657981

Contacto

Tlf. +34 986 873 196// Correo-e: cultura@concellopoio.org
Web: http://www.concellopoio.com

Horario

Aberta do 1 de xuño ao 30 de setembro
Martes a domingo, de 10:30 a 14 h e de 17:30 a 21:00
Visitas noutras datas: Oficina de turismo do Casal de Ferreirós (páx. 50)

RECURSOS DO CONCELLO DE SANXENXO

CONFRARÍA DE PESCADORES SAN ROQUE E LONXA DE PORTONOVO

A confraría de pescadores San Roque asocia a 150 profesionais da pesca do cerco, artes menores e recursos específicos de Portonovo. Representa e defende os intereses económicos e sectoriais das persoas socias, comercializa os produtos pesqueiros frescos e pon en valor o patrimonio e a cultura mariñeira do pobo.

Tamén xestiona a nave de redeiras e a lonxa de Portonovo, onde se produce diariamente a primeira venda dos produtos da pesca e do marisqueo. A confraría está levando a cabo o proxecto Lonxa Escola, unha iniciativa para dar a coñecer o sector pesqueiro á poboación educativa. Inclúe visitas guiadas á lonxa para asistir á poxa, ao peirao de Portonovo e á nave de redeiras. Os horarios da confraría e das poxas son os seguintes:

	Lonxa	Poxas	
Mañá	7:45-09:00	Peixe do cerco (1)	7:45
		Nécora e camarón (2)	7:45
Tarde	19:00-20:00	Artes menores (3)	19:00

(1) sardiña, xurelo, xarda, etc. De martes a venres

(2) consultar paro biolóxico. De martes a sábado

(3) faneca, pescada, sargo, raia, etc. De luns a venres

Porto pesqueiro de Portonovo.

Rúa Rafael Picó, 44 , 36970 Portonovo, Sanxenxo (Pontevedra).
Coordenadas GPS: 42.394533, -8.822916

Contacto

Tlf. +34 986 720 802 // Fax: 986 724 399
Correo-e: portonovo@confrariasgalicia.org
Horario da confraría: 9:00 a 13:00 h e de 16:00 a 19:00 h

Turismo de Sanxenxo S.L. contempla a posibilidade de presenciar unha poxa en directo na lonxa de Portonovo dentro do itinerario *Portonovo vila mariñeira ao atardecer*. Os teléfonos de información e reservas figuran na páxina 51.

REDEIRAS DE PORTONOVO

As redeiras artesás somerxen as mans nas redes e entrelazan fíos coas agullas para confeccionar e conservar as redes e aparellos que as xentes do mar empregan na pesca. Na nave, no peirao ou nos baixos das propias casas, as redeiras de Portonovo enchen as agullas, limpan cordas, unen os panos, e arman e reparan as redes de cerco e enmalle.

As redeiras de Portonovo contan cunha nave no peirao desde o ano 1997, xestionada pola Confraría de Pescadores. Entre 8 e 10 mulleres realizan diariamente nas súas instalacións e no propio peirao, o traballo de reparación e montaxe de redes de cerco .

No marco do proxecto Lonxa Escola dirixido a escolares que promove a confraría de pescadores, pódese coñecer máis de preto o traballo das redeiras. Turismo de Sanxenxo S.L. inclúe unha visita ás redeiras dentro do itinerario *Portonovo vila mariñeira ao atardecer*. Os teléfonos de información e reservas figuran na páxina 51. Ademais, é posible atopalas de luns a sábado na nave de redeiras ou no porto, no seguinte horario orientativo: de 09:30 a 13:00 h e de 15:30 a 18:30 h.

Reparando redes do cerco no porto de Portonovo.

Coordenadas GPS: 42.394533, -8.822916

Contacto

Rúa Rafael Picó, 44 , 36970 Portonovo, Sanxenxo (Pontevedra).
Tlf. +34 986 720 802 // Fax: 986 724 399
Correo-e: portonovo@confrariasgalicia.org

PRAZA DE ABASTOS DE PORTONOVO

A praza de abastos de Portonovo está situada nun edificio dunha soa planta inaugurado no ano 1994.

Representa unha maneira de comprar ligada ás formas de comercio tradicional, á especialización e a frescura dos seus produtos e ao trato directo coa súa clientela. Os produtos estrela da praza son os peixes e mariscos debido á proximidade do porto pesqueiro e da lonxa, que fan que sexa un referente na venda de produto fresco de tempada no pobo de Portonovo. Tamén cobran relevancia as verduras e froitas de tempada, o pan artesán e as empanadas, os queixos e os produtos de carnicería.

Pódese realizar unha visita interactiva pola praza de abastos para coñecer os diferentes postos de venda facendo clik **aquí.** No seu facebook pódese coñecer a actualidade da praza, dos produtos que se comercializan e das actividades que se organizan.

Turismo de Sanxenxo S.L. ofrece a posibilidade de visitar a praza de abastos dentro do itinerario *Unha mañá en Portonovo: tradicións, costumes e historia*. Os teléfonos de información e reservas figuran na páxina 51.

Praza de abastos de Portonovo.

Estrada de A Lanzada, 36970 Portonovo, Sanxenxo (Pontevedra)
Coordenadas GPS: 42.396315, -8.828262

Asociación de profesionais da praza de abastos de Portonovo
Correo-e: portonovo@fepragal.es

facebook

Horario

Luns a sábados de 09:00 a 14:00 h

PRAZA DE ABASTOS DE SANXENXO

A praza de abastos está situada no centro de Sanxenxo nun edificio de dúas plantas cunha antigüidade duns 50 anos. Con anterioridade, a praza de abastos estivo ubicada no porto de Sanxenxo.

As empresas que ocupan os postos de venda contan con profesionais cun grande coñecemento do produto e ofrecen un trato persoal. O peixe fresco e o marisco da flota artesanal, verdadeiros protagonistas das instalacións, sitúanse na planta baixa xunto cos produtos cárnicos e as flores. Na primeira planta localízanse os postos de froitas e verduras de tempada.

Pódese realizar unha visita interactiva pola praza de abastos para coñecer os diferentes postos de venda facendo clik **aquí**.

No seu facebook pódese coñecer a actualidade da praza, dos produtos que se comercializan e das actividades que se organizan.

Praza de abastos de Sanxenxo.

Rúa de Madrid, 45, 36960 Sanxenxo (Pontevedra)
Coordenadas GPS: 42.401339, -8.802907

Asociación de profesionais da praza de abastos de Sanxenxo
Correo-e: sanxenxo@fepragal.es

facebook

Horario

Luns a sábados de 09:00 a 14:00 h

ASOCIACIÓN AMIGOS DA DORNA DE PORTONOVO

Amigos da Dorna de Portonovo é unha asociación sen ánimo de lucro fundada en 1997, co obxectivo de recuperar, conservar e poñer en valor o patrimonio cultural marítimo de Galicia e, de xeito particular, as diferentes tipoloxías de embarcacións tradicionais.

A asociación conta con tres embarcacións propias para a navegación, unha dorna xeiteira -a Jatiña- e dúas dornas polbeiras -a Bicoca e a Milucha-, ademais de seis dornas propiedade de persoas socias. Estas embarcacións atópanse no peirao do Chasco en Portonovo entre os meses de abril a novembro, e nas concentracións de embarcacións tradicionais promovidas pola Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial. A asociación realiza de 3 a 4 saídas por semana a navegar de maio a setembro.

Organizan no mes de xuño a Regata do Sepelo, ademais de diferentes actividades culturais vinculadas ao mar como as Concentracións de Embarcacións Tradicionais "Travesías de San Roque", os Enterros da Sardiña ou as Cachadas de San Xoán. A asociación imparte no verán un curso gratuíto de iniciación á navegación tradicional. Para participar nas diferentes actividades, pode contactar directamente coa asociación.

Xeiteira A Jatiña en plena travesía.

Rúa Rafael Picó, 58, 36970 Portonovo Sanxenxo (Pontevedra)
Coordenadas GPS: 42.394015, -8.824088

AMIGOS DA DORNA
PORTONOVO

Contacto

Tlf. +34 647 132 552
Correo-e: correo@amigosdadorna.org
Web: www.amigosdadorna.org

facebook

http://goo.gl/30DwN3

MIRADOIRO DA PEIXEIRA

O concello de Sanxenxo pertence á *Asociación de Villas Marineras*, que aglutina a 10 municipios turísticos con grande tradición e cultura ligados ao mar no marco xeográfico da costa atlántica – cantábrica.

Portonovo é a vila mariñeira por excelencia do concello de Sanxenxo, e nas súas rúas pódense atopar diferentes testemuñas que encerran a súa longa tradición pesqueira. Unha delas é o miradoiro de A Peixeira situado na avenida de Pontevedra, desde o que se pode contemplar unha estupenda panorámica da ría de Pontevedra e da praia de Caneliñas.

No miradoiro está situada a estatua A Peixeira creada por Alfonso Vilar no ano 1994 para homenaxear ás mulleres que saían do peirao coa súa cesta de peixe na cabeza para vendelo.

Miradoiro da Peixeira.

Avenida de Pontevedra, s/n Portonovo Sanxenxo (Pontevedra)
Coordenadas GPS: 42.391409, -8.823750

Turismo de Sanxenxo S.L. realiza o itinerario guiado *Unha mañá en Portonovo: tradicións, costumes e historia* que contempla a visita, entre outros, á praza de abastos, ao porto deportivo e pesqueiro, ao casco antigo e ao miradoiro da Peixeira. Os teléfonos de información e reservas figuran na páxina 51.

CASA MARIÑEIRA DE DON FERNANDO

A Casa Mariñeira foi inaugurada no ano 2012 despois da rehabilitación da antiga casa do médico de Portonovo, proxecto cofinanciado polo Grupo de Acción Costeira Ría de Pontevedra-GAC6. Coñecida como Casa de Don Fernando, foi habilitada para difundir o patrimonio marítimo pesqueiro tanto á poboación local como ao turismo, de tal xeito que as persoas que a visiten vivan unha experiencia única no que respecta á actividade pesqueira e á vida diaria das xentes do mar.

Conta dunha planta superior cun aula de formación para a impartición de cursos e obradoiros dirixidos ao sector pesqueiro, e unha planta inferior onde se realizan exposicións relacionadas co mundo do mar e exhibicións de artes tradicionais de pesca.

Acolle tamén a primeira tenda oficial de Artesanía de Galicia: cerámica, encaixe, xoiería, cestería, instrumentos musicais, bolsos ou zocos son algúns dos artigos que se poden adquirir.

A Casa Mariñeira de Don Fernando forma parte da Rede de Obradoiros Abertos da Asociación Galega de Artesáns.

Casa Mariñeira de Don Fernando.

Rúa Dr. Lalinde del Río, 9, 36970 Portonovo Sanxenxo (Pontevedra)
Coordenadas GPS: 42.394359, -8.826013

Contacto

Tlf.: + 34 986 724 297

Para máis información sobre as datas e os horarios de apertura, pode contactar directamente ou a través de Turismo de Sanxenxo S.L., contacto na páxina 51.

TRAVESÍAS MARÍTIMAS



PROCESIÓN DA VIRXE DO CARME

O 16 de xullo celébranse na maioría dos portos mariñeiros a festividade da Virxe do Carme, patroa das xentes do mar. Os concellos de Bueu, Marín, Poio e Sanxenxo organizan diversos actos, entre os que destaca a procesión marítima.

A imaxe da Virxe do Carme é portada a ombros en procesión polos seus fieis, homes e mulleres, desde a igrexa ata o porto. Alí, a imaxe da Virxe e as persoas participantes embarcan a bordo dos barcos especialmente engalanados para a ocasión, e a procesión continúa por mar. O barco que porta a imaxe da Virxe é escoltado por decenas de embarcacións, de todos os tipos e tamaños.

En Marín fan bailar á Virxe ao son da Salve Mariñeira; en Bueu realízase a ofrenda floral no mar, no traxecto entre o porto de Bueu e Beluso; no concello de Sanxenxo celébrase unha romería e procesión na parroquia de Noalla, que non inclúe travesía marítima marítima, e na vila de Portonovo homenaxean á Virxe do Carme no mes de agosto, coincidindo coas festas patronais. En Poio a procesión sae simultáneamente de Campelo e de Combarro ata chegar aos portos, de onde parte o percorrido marítimo. Unha vez que se atopan no medio da ría, as embarcacións dan a volta á Illa de Tambo e regresan a porto.

A imaxe da Virxe do Carme embarcando para a procesión marítima.

Información e contacto

Nas oficinas de turismo dos concellos de Bueu, Marín, Poio e Sanxenxo.
Ver directorio nas páxinas 50 e 51.

TRAVESÍAS MARÍTIMAS POLA RÍA DE PONTEVEDRA

Existe unha ampla oferta de servizos que realizan travesías marítimas pola Ría de Pontevedra. Podemos embarcarnos en barcos de pasaxe co fondo transparente para observar os fondos mariños, alugar un veleiro con ou sen tripulación, pasear nunha lancha pneumática ou gozar dunha viaxe nunha embarcación antiga. Ademais, moitas destas empresas ofrecen servizos especiais a bordo -cerimonias, avistamento de aves, ceas ou festas-. A continuación ofrecemos un directorio dos principais servizos e empresas que os prestan no ámbito territorial do Grupo de Acción Costeira Ría de Pontevedra.

Barco de pasaxe saíndo da Illa de Ons.

En primeiro lugar, as compañías que ofrecen un servizo regular á Illa de Ons, que operan durante a temporada turística. Estas empresas, ademais do servizo regular á Illa de Ons, tamén organizan paseos en barco pola Ría de Pontevedra e eventos especiais a bordo.

A continuación, o resto de empresas que ofrecen viaxes pola ría en todas as modalidades posibles.

Dada a ampla variedade de ofertas, convén poñerse en contacto directamente coas empresas para confirmar dispoñibilidade, datas de embarque, portos de saída e horarios (ver páxinas 43 a 46).

TRAVESÍAS MARÍTIMAS POLA RÍA DE PONTEVEDRA

NAVIEIRAS CON SERVIZO REGULAR Á ILLA DE ONS

Cruceros Islas de Ons S.L

Porto de saída: Bueu

Tlf.: +34 627 900 017 // Fax: + 34 986 320 953

Web: www.islasdeons.com

Correo-e: info@islasdeons.com

Naviera Mar de Ons, S.L.

Portos de saída: Bueu e Portonovo

Tlf.: +34 986 225 272 // Fax: +34 986 226 969

Web: www.mardeons.es

Correo-e: info@mardeons.es

Naviera Nabia

Portos de saída: Bueu e Portonovo

Tlf.: +34 986 320 048 // Fax: +34 986 430 416

Web: www.piratasdenabia.com / www.isladeons.net

Correo-e: comercial@piratasdenabia.com

Cruceros Rías Baixas

Portos de saída: Portonovo e Sanxenxo

Tlf.: +34 986 731 343 // +34 670 518 669//
Fax: +34 986 731 343

Web: www.crucerosriasbaixas.com

Correo-e: info@crucerosriasbaixas.com

Tours Rías Baixas

Porto de saída: Bueu. En setembro, saídas desde Vilanova de Arousa e Pobra do Caramiñal

Tlf: + 34 609 411 668 Reservas: + 34 619 534 087

Web: www.toursriasbaixas.com

Correo-e: reservas@toursriasbaixas.com //
toursriasbaixas@gmail.com

Naviera Rías Gallegas

Tlf.: +34 986 433 706

Correo-e: riasgallegas@rgnaviera.com

TRAVESÍAS MARÍTIMAS POLA RÍA DE PONTEVEDRA

EMPRESAS QUE OFRECEN VIAXES POLA RÍA DE PONTEVEDRA

Cruceros Pelegrín

Tlf.: +34 608 182 274// +34 986 730 032
Web: www.crucerospelegrin.com
Correo-e: info@crucerospelegrin.com

Intramar

Tlf.: +34 690 843 488 // +34 690 843 487 // + 34 986 742 072
Web: www.intramar.org
Correo-e: intramar@intramar.org // chasula@intramar.org

Merak Naútica

Tlf: +34 986 283 803
Web: www.meraknautica.com
Correo-e: info@meraknautica.com

Compañía: Turimares-Cruceros do Ulla

Tlf: +34 986 731 818 // +34 608 089 458 // Fax: + 34 986 733 543
Web: www.crucerosdoulla.com
Correo-e: info@crucerosdoulla.com

Cataventos Combarro

Tlf.: +34 645 352 136 // +34 670 505 695
Web: www.cataventoscombarro.com
Correo-e: alberto@cataventoscombarro.com

Barco de pasaxe saíndo de Portonovo.

EMPRESAS QUE OFRECEN VIAXES POLA RÍA DE PONTEVEDRA

Corticata
Tlf/fax: +34 986 565604
Web: www.corticata.com
Correo-e: info@corticata.com

Compromiso con la Naturaleza
Tlf: +34 661 550 392
Correo-e: info@naturalezaatlantica.com

Alvamar
Tlf: +34 653 516 969
Web: www.alvamararousa.com
Correo-e: info@alvamararousa.com

Mar de Aguiño
Tlf: +34 981 841 454
Web: www.mardeaguiño.es
Correo-e: mardeaguino@hotmail.com

Amare Turismo Naútico
Tlf: + 34 650 410 323 - 322
Web: www.amareturismonautico.com
Correo-e: info@amareturismonautico.com

Nauta Sanxenxo, S.L.
Telf: +34 986 720 517 // Fax: +34 986 720 578
Web: http://nautasanxenxo.com/
Correo-e: nauta@sanxenxo.org

Eolo Sanxenxo
Telf.: +34 986 690 940// +34 629 411 383
Web: www.eolosanxenxo.com
Correo-e: carlos@eolosanxenxo.com

Naútica Paco Sanxenxo
Tlf./Fax: +34 986 723 384
Web: www.nauticapaco.es
Correo-e: info@nauticapaco.es

EMPRESAS QUE OFRECEN VIAXES POLA RÍA DE PONTEVEDRA

Servinauta Sanxenxo
Tlf.: +34 986 691 783
Web: www.servinauta.com
Correo-e: info@servinauta.com

Tartaruga Surf Center
Tlf.: +34 616 975 237
Web: http://www.tartarugasurf.com/
Correo-e: info@tartarugasurf.com

Charter Galicia
Tlf.: +34 662 952 839
Web: www.chartergalicia.es
Correo-e: info@chartergalicia.es

Trazel Charter Combarro
Tlf.: +34 619 279 631
Web: trazelcharter.jimdo.com
Correo-e: trazelcharter@gmail.com

Salvora Tours Sanxenxo
Tlf.: +34 673 166 266
Web: www.salvoratours.com
Correo-e: info@salvoratours.com

Onza Sanxenxo
Tlf.: +34 675 727 435
Web: http://onzasanxenxo.com.es
Correo-e: admin@onzasanxenxo.com.es

Vista da Ría de Pontevedra coas bateas ao fondo.

CLUBS NÁUTICOS



CLUBS NÁUTICOS

Nos catro concellos atopamos varios clubs que ofrecen servizos de mariñeiría, vela e eventos náuticos.

O Club Náutico de Beluso en Bueu e o Real Club de Mar de Aguete, en Marín, centran a súa actividade principalmente na vela. Ao longo do ano organizan regatas de distintas modalidades e contan con escola de vela.

O Club Náutico de Sanxenxo ofrece actividades de vela –aluguer de barcos, cursos de formación, organización de regatas– e actividades subacuáticas –pesca submarina, cursos de mergullo e saídas de inmersión-. As súas instalacións contan con gardería, piscina, sala de xogos, ximnasio, solarium, masaxe, sauna e tenda náutica.

O Club Náutico de Portonovo tamén ofrece ambos tipos de actividades –vela e subacuáticas– e escola de vela e de mergullo, con saídas todo o ano. Conta cun restaurante con terraza, salóns, lavandería e servizo de mariñeiría.

O Clube Náutico de Combarro tamén conta con escola de vela. Ademais, organiza bautismos de mar, campamentos de Semana Santa e verán con actividades náuticas para nenos e nenas, e regatas de vela.

Club Náutico de Beluso (Bueu)

Tlf.: +34 986 702 373//+34 986 703 205// Fax: 986 702 708
Web: www.nauticobeluso.org
Correo-e: nauticobeluso@yahoo.es
Coordenadas GPS: 42.333566, -8.800457

Real Club Náutico de Aguete (Marín)

Tlf.: +34 652 658 093
Web: www.rcmaguete.com
Coordenadas GPS: 42.375205, -8.736434

Club Naútico de Sanxenxo

Tlf.: +34 986 803 400 // Fax: +34 986 720 009
Web: www.rcnsanxenxo.com
Correo-e: info@rcnsanxenxo.com
Coordenadas GPS: 42.397847, -8.804811

Club Naútico de Portonovo (Sanxenxo)

Tlf.: +34 986 723 266 Fax: +34 986 724 175
Web: www.nauticoportonovo.com
Correo-e: administracion@nauticoportonovo.com
Coordenadas GPS: 42.395905, -8.822298

Club Náutico de Combarro (Poio)

Tlf.: +34 645 35 21 36
Web: www.cncombarro.com
Correo-e: info@cncombarro.com
Coordenadas GPS: 42.429706, -8.704412

DIRECTORIO



OFICINAS DE TURISMO E CENTROS DE INFORMACIÓN

OFICINA DE TURISMO DE BUEU

Rúa Eduardo Vicenti, 2, 36930 Bueu (Pontevedra)
Coordenadas GPS: 42.326980, -8.784841
Aberta os meses de xuño, xullo, agosto e setembro
De luns a venres de 10:30 a 14:30 e de 16 a 20 h
Sábados, domingos e festivos: de 10 a 21
Tlf.: +34 986 324 457 // Fax.:+34 986 324 339
Web: www.concellodebueu.org
Correo-e: turismo@concellodebueu.org

ILLA DE ONS

Oficina do Parque Nacional das Illas Atlánticas

Edificio Cambón C/Oliva 3, 36202 Vigo (Pontevedra)
Tlf.: + 34 886 218 090 // Fax: +34 886 218 094
Coordenadas GPS: 42.239453, -8.725591
Web: www.parquenacionalillasatlanticas.com
Correo-e: iatlanticas@xunta.es

Casa forestal de Ons

Tlf.: +34 986 687 696 // +34 638 477 785

Centro de Visitantes de Ons

Barrio do Curro s/n, Illa de Ons, Bueu (Pontevedra)
Coordenadas GPS: 42.376341, -8.932465

OFICINA DE TURISMO DE MARÍN

Praza de España, s/n, 36900 Marín (Pontevedra)
Coordenadas GPS: 42.393797, -8.702876
Tlf. +34 986 880 300 // Fax: +34 986 882 013
Web: www.concellodemarin.es

AUTORIDADE PORTUARIA DE MARÍN

Parque de Cantodarea s/n, 36900 Marín (Pontevedra)
Coordenadas GPS: 42.395660, -8.695150
Tlf. +34 986 85 52 00 // Fax: +34 986 84 01 93
Web: www.apmarin.com

OFICINAS DE TURISMO DE POIO

Oficina de Turismo do Casal de Ferreirós

Avenida Andurique, 43, 36163 Poio (Pontevedra)
Coordenadas GPS: 42.434048, -8.658765
Aberta todo o ano, de luns a venres, de 9 a 14 h
Tlf: + 34 986 833 204
Correo-e: turismo@concellopoio.org

Oficina de Turismo de Combarro

Carreiro do Campo, 17 Combarro, 36993 Poio (Pontevedra)
Coordenadas GPS: 42.431726, -8.705441
Aberta do 15 de xuño a 15 de setembro
Luns a Domingo de 10 a 14 h e de 17:30 a 20:30
Tlf: + 34 986 770 001/ 986 77 00 38 ext. 320
Correo-e: turismo@concellopoio.org

OFICINAS DE TURISMO E CENTROS DE INFORMACIÓN

OFICINAS DE TURISMO DE SANXENXO

Oficina Central de Información Turística Municipal

Porto Deportivo Juan Carlos I, 36960 Sanxenxo

Coordenadas GPS: 42.398040, -8.805247

Inverno e Semana Santa:
martes a sábado, de 9:30 a 14 :00 e de 16:00 a 19:00 h

Verán: diario, de 10:00 a 14:00 e de 16:00 a 20:30 h

Tlf. +34 986 720 285 // Fax. 986 721 293

Web: www.turismodesanxenxo.com

Correo-e: info@turismodesanxenxo.com

Oficina Municipal de Turismo de Portonovo

Estrada de A Lanzada s/n, Baltar Portonovo, Sanxenxo

Coordenadas GPS: 42.399474, -8.822751

Semana Santa:
martes a sábado, de 9:30 a 14:00 e de 16:00 a 19:00 h

Verán: luns a sábado, de 10:00 a 14:00 e de 16:00 a 20:00 h

Tlf.: + 34 986 723 044

Oficina de información Praia da Lanzada

Aberta en Semana Santa, e de xuño a mediados de outubro

De luns a venres, de 10 :00 a 14:00 h e de 15:00 a 21:00 h

Sábados, de 10:00 a 21:00 h Domingos, de 10:00 a 14:00 h

Tlf.: +34 608 030 896

Oficina de Turismo do Consorcio de Empresarios Turísticos de Sanxenxo

Estrada de A Lanzada, 21 36970, Portonovo

Coordenadas GPS: 42.395329, -8.829157

Semana Santa, xullo e agosto:
de luns a sábado, de 10 :00 a 14:00 h e de 16:00 a 20:00 h

Domingos, de 10 :00 a 14:00 h

Resto do ano:
de luns a venres, de 9:00 a 14:00 h e de 16:00 a 20:00 h

Tlf./Fax: + 34 986 691 128

Web: http://www.sanxenxoturismo.com

Correo-e: consorcio@sanxenxoturismo.com

Oficina de Turismo do Consorcio de Empresarios Turísticos de Sanxenxo

Vía rápida do Salnés, saída Sanxenxo

Coordenadas GPS: 42.415465, -8.812316

Aberta desde Semana Santa ata mediados de Outubro

De luns a sábado, de 10:00 a 22:00 h

Domingos, de 10:00 a 16:00 h

Tlf.: +34 608 009 341

Web: http://www.sanxenxoturismo.com

Correo-e: consorcio@sanxenxoturismo.com

zona 6
Ría de Pontevedra
grupos de acción costeira 2007-2013

MarGalaica
Turismo Marinheiro

GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN Y MEDIO AMBIENTE

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR

UNIÓN EUROPEA
Fondo Europeo de Pesca

Europa inviste na pesca sustentable

www.accioncosteira.es